

Mulleres en Dixital: O uso das TIC desde unha perspectiva de xénero

SI

Edición 2025




Edita: Xunta de Galicia
Consellería de Facenda e Administración Pública
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).

Lugar: Santiago de Compostela
Ano de publicación: 2026

Este documento distribúese baixo licencia Creative Commons
Atribución:
Compartir baixo a licencia 4.0 Internacional (CC BY-SA 4.0)
Dispoñible en: <https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.gl>

Índice de Contidos

1. Introducción	Páx. 4
2. A fenda dixital de xénero	Páx. 6
2.1. Uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses	
2.2. Uso de Internet nos últimos tres meses	
2.3. Uso do comercio electrónico	
2.4. Tipos de interacción coas AAPP a través de Internet	
3. A fenda dixital de xénero segundo o hábitat	Páx. 21
4. Indicadores Adicionais	Páx. 35
5. Conclusións	Páx. 43



1. Introducción



1. Introducción

Obxectivos


Analizar comparativamente os principais indicadores que definen as diferenzas de xénero no acceso e uso das tecnoloxías da información e da comunicación en Galicia.

Estudar a influencia do hábitat na fenda dixital segundo o sexo.

Fontes de Información


- 📶 Enquisa Estrutural a Fogares (IGE) – Indicadores de tecnoloxías-. Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), en colaboración co Instituto Galego de Estatística (IGE). Ano 2024
- 📶 Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de Información y Comunicación en los Hogares (TIC-H). INE. Ano 2024
- 📶 Indicadores de la Sociedad de la Información por género. ONTSI. Ano 2024

2. A Fenda Dixital de Xénero



2.1. Uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses

Uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo o sexo



Fonte: EEF 2024 (OSIMGA + IGE)


Galicia → Usou dispositivos electrónicos (teléfono móbil con capacidade de acceso a Internet, ordenador de sobremesa, portátil, tablet...) nos últimos 3 meses.

Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

Non existe fenda de xénero no uso de dispositivos electrónicos. Mulleres e homes amosan niveis de uso practicamente idénticos. O 96,4% das mulleres de 16 a 74 anos utilizaron estes dispositivos nos últimos tres meses, 1 punto máis ca os homes.

2.1. Uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses

Uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo sexo e idade



Fonte: EEF 2024 (OSIMGA + IGE)


Galicia → Usou dispositivos electrónicos (teléfono móbil con capacidade de acceso a Internet, ordenador de sobremesa, portátil, tablet...) nos últimos 3 meses.

Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

Non se observan diferenzas de xénero no uso de dispositivos electrónicos entre as idades máis novas e as medias, xa que mulleres e homes presentan niveis de utilización moi similares, case do 100%. Porén, a partir dos 55 anos a fenda comeza a facerse perceptible: as mulleres amosan unha maior actividade dixital ca os homes, posiblemente relacionada cunha maior implicación nas tarefas de organización familiar, comunicación e xestión administrativa en liña.

2.1. Uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses

Uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo sexo e estudos terminados



Fonte: EEF 2024 (OSIMGA + IGE)

Galicia → Uso de dispositivos electrónicos (teléfono móvil con capacidad de acceso a Internet, ordenador de sobremesa, portátil, tablet...) nos últimos 3 meses.


Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

A dixitalización das mulleres continúa avanzando en 2024, superando aos homes no uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses en todos os niveis educativos.

2.2. Uso de Internet nos últimos tres meses

Uso de Internet nos últimos tres meses segundo o sexo

Comparativa Galicia-España




Fonte: EEF 2024 (OSIMGA + IGE)
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

No uso de Internet durante os últimos tres meses, non se observa fenda dixital segundo o xénero en Galicia nin a nivel estatal.

No 2024, en Galicia as mulleres que utilizaron internet nos últimos tres meses acadan o 94,3% superando aos homes en 8 décimas.

2.2. Uso de Internet nos últimos tres meses

Uso de Internet nos últimos tres meses segundo sexo e idade




Fonte: EEF 2024 (OSIMGA + IGE)
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

Segundo idade, no uso de Internet, repítese un patrón semellante ao de uso de dispositivos electrónicos. No 2024, a fenda de xénero practicamente desaparece. O acceso de homes e mulleres é case universal ata os 44 anos. A partir de aí, hai unha lixeira vantaxe das mulleres, máis frecuentemente usuarias de internet nos últimos tres meses, con vantaxes dun punto porcentual ou máis en cada un dos tramos de idade a partir dos 45 anos.

2.2. Uso de Internet nos últimos tres meses

Uso de Internet nos últimos tres meses segundo sexo e estudos terminados




Fonte: EEF 2024 (OSIMGA + IGE)
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

A medida que aumenta o nivel formativo da poboación galega, as diferenzas entre homes e mulleres no uso de Internet tenden a desaparecer. A maior fenda aparece entre as persoas con estudos primarios ou inferiores, onde as mulleres presentan un menor acceso á rede en comparación cos homes.

2.2. Uso de Internet nos últimos tres meses

Uso de Internet nos últimos tres meses segundo sexo e situación laboral




Fonte: EEF 2024 (OSIMGA + IGE)
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

Non se observan diferenzas significativas no uso de Internet entre as mulleres e homes segundo a súa situación laboral a excepción do caso das persoas dedicadas a tarefas do fogar, onde as mulleres teñen un menor acceso a internet que os homes.

2.2. Uso de Internet nos últimos tres meses


Evolución do indicador
Uso de Internet en los últimos tres meses
Comparativa Galicia – España

GALICIA



Fonte: EEF 2024 (OSIMGA + IGE)
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

ESPAÑA



Fonte: INE (2024)


No 2024, na nosa Comunidade, o uso da Rede entre as mulleres increméntase notablemente. Dende o ano 2020 o uso de Internet por parte das galegas aumentou un 7,4%.

Neste último ano, as mulleres superan aos homes, tanto en Galicia como na media española.

2.2. Uso de Internet nos últimos tres meses

Diferenza entre homes e mulleres que empregaron Internet nos últimos tres meses (puntos porcentuais)

Individuos que empregaron Internet nos últimos tres meses				
	Muller	Home	Total	Fenda de Xénero
Lituania	90,4	87,9	89,2	2,5
Letonia	93,9	92,5	93,2	1,4
Estonia	92,9	91,6	92,3	1,3
Francia	94,7	93,6	94,1	1,1
República Checa	94,2	93,2	93,7	1,0
Kosovo*	98,5	97,6	98,0	0,9
Montenegro	89,4	88,5	88,9	0,9
España	96,2	95,4	95,8	0,8
Galicia	94,3	93,5	93,9	0,8
Malta	93,6	93,0	93,3	0,6
Irlanda	98,9	98,3	98,6	0,6
Finlandia	98,2	97,7	98,0	0,5
Eslovenia	91,0	90,5	90,8	0,5
Portugal	88,6	88,4	88,5	0,2
Dinamarca	99,9	99,7	99,8	0,2
Hungría	93,8	93,7	93,8	0,1
Polonia	88,5	88,7	88,6	-0,2
Noruega	99,3	99,6	99,5	-0,3
Suecia	97,9	98,3	98,1	-0,4
Países Baixos	99,3	99,7	99,5	-0,4
UE27	92,6	93,1	92,8	-0,5
Chipre	94,3	94,9	94,6	-0,6
Albania	85,8	86,5	86,2	-0,7
Rumania	90,9	91,7	91,3	-0,8
Lituania	98,3	99,2	98,8	-0,9
Austria	94,4	95,4	94,9	-1,0
Alemania	93,0	94,0	93,5	-1,0
Bélxica	95,1	96,4	95,8	-1,3
Bulgaria	81,7	83,3	82,4	-1,6
Italia	88,3	90,1	89,2	-1,8
Eslovaquia	88,8	90,8	89,8	-2,0
Macedonia	90,1	92,2	91,1	-2,1
Bosnia - Herzegovina	84,7	87,3	86,1	-2,6
Grecia	84,7	87,9	86,3	-3,2
Serbia	85,2	90,3	87,7	-5,1
Croacia	81,1	86,3	83,6	-5,2
Turquía	84	91	87	-7



Países con maior fenda de xénero:

Turquía (-7), Croacia (-5,2), Serbia (-5,1), Grecia (-3,2), Bosnia-Herzegovina (-2,6), Macedonia (-2,1), Eslovaquia (-2), Italia (-1,8), Bulgaria (-1,6), Bélxica (-1,3), Alemaña (-1) e Austria (-1)

Países con menor fenda de xénero:


Lituania (2,5), Letonia (1,4), Estonia (1,3), Francia (1,1), República Checa (1), Kosovo (0,9), Montenegro (0,9), España (0,8), Malta (0,6) e Irlanda (0,6)

- Homes superan en 3% ou máis ás mulleres
- De 1,5% a 3% máis de homes que mulleres
- De 0,5% a 1,5% máis de homes que mulleres
- Menos de 0,5% de diferenza a prol de homes ou de mulleres
- Mulleres superan en máis do 0,5% aos homes

Fonte: EEF 2024 (OSIMGA + IGE) / INE (2024) / EUROSTAT (2024)
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes
Base: Poboación de 16 a 74 anos

2.3. Uso do comercio electrónico

*Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo o sexo
Comparativa Galicia-España*



Fonte: EEF 2024 (OSIMGA + IGE)
Base: % sobre o total de persoas de 16 a 74 anos
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes


O acceso ao comercio electrónico en Galicia en función do sexo presenta unha lixeira vantaxe de 0,7 puntos porcentuais dos homes respecto á que se rexistra entre as mulleres, mentres en España son as mulleres as que van 1,2 puntos por diante.

2.3. Uso do comercio electrónico

Evolución do indicador


Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo o sexo
Comparativa Galicia-España

GALICIA



Fonte: EEF 2024 (OSIMGA + IGE)
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

ESPAÑA




Fonte: INE (2024)

Nos últimos cinco anos, a proporción de galegas que compran por Internet aumenta progresivamente. A porcentaxe de mulleres que compran por internet sitúase en 67,7% na actualidade. Creceu 4,1 puntos porcentuais no último ano, un valor superior ao do estado.

2.3. Uso do comercio electrónico

Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo sexo e idade




Fonte: EEF 2024 (OSIMGA + IGE)
Base: % sobre o total de persoas de 16 a 74 anos
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

A idade é un factor condicionante á hora de adquirir un ben ou servizo en liña. Así, nesta edición da enquisa obsérvase que, entre os menores de 55 anos, son as mulleres as que máis utilizan a Rede como canle de compras.

O uso inverteuse nos grupos de maior idade (de 55 a 74 anos), onde os homes usan o comercio electrónico cunha frecuencia que supera en máis de 3 puntos ás mulleres.

2.3. Uso do comercio electrónico


Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo sexo e situación laboral



Entre as persoas que están actualmente estudando, incapacitadas para traballar ou ocupadas, as mulleres superan aos homes na realización de compras en liña. Esta tendencia invértese no resto de situacións laborais. A diferenza máis acusada obsérvase entre as persoas que se dedican ás tarefas do fogar, onde a fenda de xénero é de 12,9 puntos porcentuais.

2.4. Tipos de interacción coas AAPP a través de Internet

Interacción coas AAPP a través de Internet nos últimos doce meses segundo o sexo



Fonte: EEF 2024 (OSIMGA + IGE)

Base: Persoas que utilizaron Internet nos últimos doce meses

Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes


No 2024, observamos que as mulleres superan aos homes na interacción coas administracións públicas a través de internet nun punto.

3. A Fenda Dixital de Xénero segundo o hábitat




A fenda dixital de xénero desde un punto de vista territorial

Neste capítulo analízase a influencia do hábitat no distinto uso das TIC entre homes e mulleres nos indicadores de dixitalización segundo as seguintes variables xeográficas:



Provincia

Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo xénero e provincia




Fonte: EEF 2024 (OSIMGA + IGE)
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes
Base: % sobre o total de persoas de 16 a 74 anos

As provincias galegas non amosan diferenzas significativas por xénero no uso de dispositivos electrónicos. As mulleres superan lixeiramente aos homes en todas as provincias excepto Pontevedra, que están igualados.

Hábitat

Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo xénero e hábitat



Fonte: EEF 2024 (OSIMGA + IGE)


Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

Base: % sobre o total de persoas de 16 a 74 anos

O tamaño do hábitat non determina en xeral diferenzas significativas entre homes e mulleres no uso de dispositivos electrónicos con capacidade de conectarse a internet. Con todo, nos concellos máis pequenos, as mulleres superan aos homes, e nos grandes, iguálanse os hábitos.

Áreas Comarcais


Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo xénero e áreas comarcais



Só nalgúñas comarcas de Pontevedra o uso de dispositivos electrónicos ten unha frecuencia lixeiramente menor entre as mulleres. No resto de Galicia, están máis dixitalizadas as mulleres.

Sete concellos con maior poboación de Galicia

Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo xénero nos sete grandes concellos de Galicia




Fonte: EEF 2024 (OSIMGA + IGE)
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes
Base: % sobre o total de persoas de 16 a 74 anos

O maior uso de dispositivos electrónicos entre as mulleres sitúase nos concellos de Vigo (98,9%), Ourense (98,7%), Santiago de Compostela (98%) e Ferrol (98%). A fenda de xénero aparece en Pontevedra, cunha distancia no uso de dispositivos electrónicos nos tres últimos meses de 2 puntos porcentuais superior entre os homes. Na Coruña quédase en 0,3 puntos.

Provincia

Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo xénero e provincia



Fonte: EEF 2024 (OSIMGA + IGE)

Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes


Base: % sobre o total de persoas de 16 a 74 anos

O uso de Internet é elevado en todas as provincias galegas, con diferenzas de xénero moi pequenas. As mulleres presentan porcentaxes lixeiramente maiores de uso en A Coruña, Lugo e Ourense, mentres que en Pontevedra a cifra é lixeiramente superior nos homes.

A Coruña é a provincia onde máis mulleres utilizaron Internet nos últimos tres meses cun 95%.

Hábitat

Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo xénero e hábitat



Fonte: EEF 2024 (OSIMGA + IGE)

Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes


Base: % sobre o total de persoas de 16 a 74 anos

As diferenzas no uso de Internet segundo o tamaño do concello son moi reducidas. As mulleres presentan unha maior utilización da rede nos municipios máis pequenos, mentres que nos concellos de máis de 20.000 habitantes son os homes quen amosan unha lixeira vantaxe.


Áreas Comarcais

Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo xénero e áreas comarcais

Mulleres



Homes




- Menos do 90%
- 90% a 91,9%
- 92% a 93,9%
- 94% ou máis

Só nalgúñas comarcas de Pontevedra o acceso a internet é lixeiramente menor entre as mulleres. No resto de Galicia, están máis dixitalizadas as mulleres.

Sete concellos con maior poboación de Galicia

Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo xénero nos sete grandes concellos de Galicia




Fonte: EEF 2024 (OSIMGA + IGE)
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes
Base: % sobre o total de persoas de 16 a 74 anos

Nas cidades de Ferrol (98%) e Ourense (97,7%) é onde se aprecia un maior uso de Internet entre as mulleres.

Provincia

Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo xénero e provincia




Fonte: EEF 2024 (OSIMGA + IGE)
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes
Base: % sobre o total de persoas de 16 a 74 anos

Na provincia de Lugo, a porcentaxe de homes que compran a través de Internet supera en 4 puntos porcentuais á de mulleres. En A Coruña, son as mulleres as que superan aos homes na realización de compras na Rede.

Hábitat

Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo xénero e hábitat



Fonte: EEF 2024 (OSIMGA + IGE)

Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes


Base: % sobre o total de persoas de 16 a 74 anos

Tendo en conta o tamaño de hábitat, nas grandes cidades hai un maior uso do comercio electrónico e a fenda de xénero faise máis evidente: nos concellos de máis de 50.000 habitantes, a fenda de xénero acada o máximo, 3 puntos porcentuais, pero nos concellos de menos de 10.000 habitantes son as mulleres as que están por riba dos homes.


Áreas Comarcais

Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo xénero e áreas comarcais

Mulleres



Homes




- Menos do 60%
- 60% a 64,9%
- 65% a 69,9%
- 70% ou máis

Ademais dalgunhas comarcas de Pontevedra a compra por internet ten menor frecuencia entre as mulleres de forma notable en comarcas de Lugo, especialmente a Mariña e Lugo Oriental, tamén na Coruña.

Sete concellos con maior poboación de Galicia

Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo xénero nos sete grandes concellos de Galicia



Fonte: EEF 2024 (OSIMGA + IGE)
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes
Base: % sobre o total de persoas de 16 a 74 anos


O Concello de Ferrol é o único das cidades galegas onde as mulleres, no ano 2024, mercaron bens ou servizos a través de Internet máis que os homes. Nos restantes grandes concellos, rexístrase fenda de xénero no comercio electrónico, observando a distancia máis acusada nos concellos Lugo, Pontevedra e Vigo, todos con máis de 3 puntos de distancia.

4. Indicadores Adicionais



Servizos de Internet utilizados

Servizos de internet utilizados con fins particulares nos últimos 3 meses




Fonte: EEF 2024 (OSIMGA + IGE)
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes
Base: % sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que utilizaron internet nos últimos tres meses


Telefonar por internet (93,5%) é a actividade máis destacada de Internet entre as galegas que utilizaron a Rede nos últimos tres meses seguida da busca de información sobre bens ou servizos (92,3%).

As mulleres están máis de 2 puntos por detrás en copiar ou mover ficheiros ou carpetas ou usar programas de ofimática.

5. Conclusiones



Uso de dispositivos electrónicos



Non existe fenda de xénero no uso de dispositivos electrónicos nas idades novas e medias, onde mulleres e homes amosan niveis de uso practicamente idénticos.

A partir dos 55 anos, porén, a diferenza comeza a facerse máis visible: as mulleres mantéñense máis activas dixitalmente ca os homes, algo que pode estar relacionado coa maior participación feminina en tarefas de xestión familiar, comunicación e tramitación dixital.

Uso de Internet




O uso de Internet nos últimos tres meses é moi elevado tanto en Galicia como no conxunto de España, cunha fenda de xénero practicamente inexistente. As mulleres galegas incluso presentan unha lixeira maior utilización da rede, superando aos homes por arredor dunha décima.

O uso de Internet é case universal ata os 44 anos, sen apenas diferenzas entre homes e mulleres.

A partir dos 45 anos comeza a observarse unha lixeira vantaxe feminina, que se consolida nos tramos de maior idade, onde as mulleres utilizan Internet con maior frecuencia que os homes.

Compras a través da rede



En termos globais, a porcentaxe de homes que compran a través da Rede en Galicia é superior en 0,7 puntos á que realizan entre as mulleres.


Con todo, entre as persoas menores de 55 anos, as mulleres superan aos homes na utilización da Rede como canle de compra.

Relación coas AAPP



Non existe fenda de xénero no relativo ao uso da Administración Dixital. A porcentaxe de mulleres que interactúa coas AAPP a través de Internet supera á porcentaxe de homes.

Indicadores Adicionais



As diferenzas entre galegos e galegas, no relativo ás actividades e servizos que utilizan na rede, varían en función da natureza das actividades, amosando maior presenza feminina nas tarefas comunicativas e de información, mentres que os homes destacan lixeiramente noutras accións máis vinculadas á xestión técnica ou ao tratamento de ficheiros.

